

O ESTUDO DA ARQUITECTURA DOMÉSTICA DA IDADE DO FERRO DO NW: ACHEGA HISTORIOGRÁFICA

Por Xurxo M. AYÁN VILA

Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: Our paper shows the development of archaeological research about Iron Age architecture in Galician and Portuguese hillforts. This text is completed by a critical summary that aims to explore new teoretical and methodological approaches from the basis of recent disciplines like Landscape Archaeology and Archaeology of Architecture. In this way, the intention is to leave behind the traditional views and offer another one which let know social logic of Iron Age built environment and domestic space.

Key Words: Historiography, domestic space, Iron Age, Landscape Archaeology, Archaeology of Architecture.

Esta aproximación ó problema da arquitectura e maila organización do espacio doméstico na Protohistoria do NW peninsular plantexouse cun dobre obxectivo: por unha banda, enche-lo baldeiro dunha síntese actualizada que recolla a evolución da investigación encol do tema ata hoxendía, e por outra, servir de punto de partida dunha liña de investigación básica coa que se procura encetar unha anovada revisión do eido doméstico a través dunha análise arqueolóxica do rexistro arquitectónico, co gallo de plantexar e contrastar novos modelos interpretativos sobre a estrutura social e as estratexias de construción do espacio empregadas polas comunidades da Idade do Ferro do NW¹.

¹ Esta liña de traballo concrétese no proxecto *Arqueoloxía da Arquitectura castrexa* desenvolto dentro da investigación aberta en Arqueoloxía da Arquitectura no seo do Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais da USC e da que son recentes exemplos a Memoria de Licenciatura de Rebeca Blanco (1997) e os traballos de investigación de Terceiro Ciclo de Patricia Mañana (1999) e Xurxo Ayán (2000).

HISTORIA DA INVESTIGACIÓN: BREVE RESEÑA HISTORIOGRÁFICA

A grandes rasgos identificamos dúas etapas dende o punto de vista historiográfico, non coa angueira de propor periodizacións, senón co obxectivo funcional de ordear e facer intelixible a secuencia evolutiva seguida pola investigación deica a actualidade.

1. A investigación tradicional: 1880-1980

1.1. *Temperás aportacións no NW de Portugal*

Os primeiros traballos científicos centrados na arquitectura castrexa desenvolvéronse a finais do século XIX, ó abeiro das escavacións sistemáticas de xacementos do N de Portugal. Estas intervencións arqueolóxicas amosarían a peculiaridade dunha cultura que se caracterizaba pola presenza dunha arquitectura en pedra, manifestada nos sistemas defensivos, as alcumadas *pedras formosas* e mailas construcións domésticas localizadas no interior dos poboados.

A divulgación e fonda repercusión dos achádegos na comunidade científica incrementaría aínda máis o interese por este rexistro arquitectónico, sendo presentado coma un caso aillado sen paralelos con outras culturas protohistóricas europeas.

Esta manifesta orixinalidade dos restos exhumados incentivou o desenvolvemento de senlleiros estudos encol do tema, destacando principalmente a investigación impulsada por Martins Sarmiento, quen, partindo do rexistro arqueolóxico de Briteiros, levou a cabo un labor de recopilación e síntese histórica dende uns presupostos innovadores para a súa época. Deste xeito, non só abordou un traballo tipolóxico de clasificación de materiais, senón que plantexou ó longo da súa obra a reconstrución das condicións de vida e da realidade social que puideron terse dado na Protohistoria. Como sinala M. Cardozo (1996: 20-1): «etnólogo e arqueólogo de lúcida visã retrospectiva, que, no último quartel do século passado, fazia o estudo das nossas antiguidades com un método absolutamente pessoal e uma orientação verdadeiramente científica, aliada a um intenso poder de criadora reconstituição da vida primitiva, que só algúns arqueólogos e pré-historiadores dos nossos dias têm sabido imprimir aos estudos hispânicos».

A adopción desta perspectiva convérteo nun precursor da Arqueoloxía Experimental e da investigación en arquitectura protohistórica, como o amosa o feito de plantexalo primeiro proxecto de reconstrución arqueolóxica *in situ* da Península. Así pois, na década de 1870, nun momento de enorme repercusión internacional dos descubrimentos en Briteiros², M. Sarmiento reconstrúe completamente dende

² En 1880 ten lugar a visita ó xacemento dos congresistas do *IX Congresso Internacional de Antropologia e Arqueologia Pre-histórica*. Este feito incrementaría notablemente a divulgación e mailo interese pola *cultura castreja* entre a comunidade científica europea.

os alicerces dúas construcións circulares do xacemento. Segundo as súas propias anotacións e fotografías tomara como base as características morfolóxicas e as dimensións que máis se repetían nas estruturas escavadas (SARMENTO, 1992: 1999). Os criterios seguidos no proxecto respastaban á visión que nese momento tan temperán se tiña da arquitectura castrexa³.

O avance das investigacións demostraron *a posteriori* a invalidez dalgúns destes plantexamentos. A pesares diso, a iniciativa do investigador portugués é moi valiosa xa que constitúe o primeiro achegamento práctico á problemática da vivenda, tratando temas coma as características morfolóxicas, as dimensións dos elementos constructivos, o tipo de cuberta, o sistema de acceso, etc... Xunto con estes traballos de Sarmiento, cómpre citar tamén o labor de investigación desenvolvido por F. M. Alves Pereira (O abade de Baçal) na área miñota entre 1890-1930. Este autor estudou as construcións arquitectónicas rexistradas en diversos xacementos ó S do Miño, levando a cabo unha descripción formal deses restos nunha tentativa de acadar unha tipoloxía válida das habitacións castrexas (ALVES PEREIRA, 1910, 1939-1941).

Ámbalas dúas aportacións contribuíron sobranceiramente á caracterización xeral dos grandes poboados do N de Portugal. Habería que agardar ó labor do *Seminario de Estudos Galegos* e, nomeadamente, ós traballos de Cuevillas para que se encetasen investigacións desa caste no que é o territorio da Galicia actual.

1.2. *A obra de síntese de F. López Cuevillas*

A pesares da enorme trascendencia a nivel europeo que tiveron os traballos desenvolto alén Miño, éstos pasaron practicamente desapercibidos para os eruditos galegos da época, o que, como ten sinalado F. Calo (1993: 33) lastraría negativamente durante décadas a investigación protohistórica galega. O panorama comezou a trocar no decenio de 1910 coa realización das primeiras escavacións arqueolóxicas en castros hoxendía considerados como clásicos dentro da investigación; deste xeito, á pioneira escavación de I. Calvo en Santa Trega, iniciada en 1914, seguirían na década de 1920 e 1930 intervencións en castros coma O Neixón, Troña, Borneiro, San Cibrán de Lás, etc...

Estes traballos, levados a cabo fundamentalmente por membros do SEG, forneceron o rexistro arquitectónico necesario para abordar un estudo xeral que definise as características específicas e as variantes territoriais da arquitectura castrexa. Este sería o labor encetado por F. López Cuevillas, no seo dunha investigación que tentaba chegar a unha caracterización xeral da Idade do Ferro

³ Este tema foi obxecto de estudo dende o mesmo intre en que se comezaron a dar a coñece-los primeiros resultados das escavacións en Briteiros. Deste xeito foi unha das cuestións encetadas na primeira *Conferencia Arqueolóxica Portuguesa* organizada en 1877 en Guimarães a instancias de M. Sarmiento. A este respecto, as reconstrucións da citania reflicten os plantexamentos defendidos polo autor no polémico debate sobre a *reconstituição das casas citanienses*.

do NW, a través de estudos pormenorizados de cadansúas manifestacións materiais, establecendo paralelos con outros eidos culturais protohistóricos.

Dacordo con esta estratexia de investigación, o tema da arquitectura non podía quedar á marxe dos traballos desenvolto polo prehistoriador galego; de feito esta problemática aparece sempre reflectida na súa obra, debido, principalmente, á importancia que Cuevillas concedeu a certos aspectos desta arquitectura (construcións en pedra e predominio da forma circular) como verdadeiros fósiles directores ou elementos definitorios do mundo castrexo.

A primeira síntese⁴ que resume os resultados das súas temperás investigacións recolle un pequeno apartado adicado á arquitectura (1968: 51-56) no que se presenta un esbozo da *arquitectura protohistórica galega dos Castros*. Neste achegamento, Cuevillas, á luz dos achádegos daquela, expón as súas iniciais impresións, avanza algunha tipoloxía e nalgún caso plantexa hipóteses sobre as principais problemáticas arquitectónicas que presentan os poboados.

En primeiro lugar realiza unha breve reseña na que se subliña o carácter eminentemente fortificado deses asentamentos. A sistemática presenza de defensas artificiais en tódolos xacementos, ademais do seu emprazamento, leva ó autor a caracteriza-lo castro coma *un lugar forte, verdadeiro castelo d'un clan ou d'unha tribu* (1968: 51) e ás sociedades que os habitaron como *povos guerreiros* (1968: 56).

Cuevillas propón unha evolución lineal na arquitectura doméstica, diferenciando unha arquitectura propia dos castros e outra, máis complexa, propia das Citanias ou grandes poboados da área meridional. Neste senso, sinala un hipotético predominio nos castros máis antigos de cabanas realizadas con materiais perecedoiros:

«Dentro da área dos Castros, non aparecen nunca restos abundantes d'habitacións permanentes. Como já se dixo, na época en que se ergueron vivían sen dúbida os povos espallados en pequenas aldeias abertas, os *vicus* ou *pagus* dos latinos, formados por cabanas de ramallo e coimo de feitura fáctile e ligeira. É seguro que cand'a a necesidade obrigara á gente d'unha tribu a longa permanencia no seu castelo, ergueríanse dentro d'il chouzas d'esta clas...» (1968: 52).

Desta fase pasaríase á época de constitución das grandes citanias, período no que a arquitectura acadaría o seu máximo desenvolvemento dándose un proceso de petrificación das estruturas precedentes:

«Esta carencia de restos d'habitacións e tamén o seu grandor, é o que distingue os Castros das Citanias [...] A Citania é a filla do Castro, mais medrada,

⁴ Referímonos ó traballo que, baixo o título *A Edade do Ferro na Galiza*, leu Cuevillas no SEG en 1924, e que sería publicado por entregas en diversos números da revista *Nós* entre os anos 1925-26. Esta obra sería reeditada pola Real Academia Gallega en 1968.

mais ampria, d'arquitectura cecais mais coidada, pero nada da mesma cultura, saída da mesma idea generatriz» (1968: 52-53).

«A citania, en resumo, non parece ser outra cousa, qu'a juntanza de varios vicus, qu'o s'alcontraren en certas condicións de seguridade, emprinciaron a millorar o xeito constructivo dos seus edificios. As casas circulares, o mais característico d'istes hábitats, non son mais qu'as cabanas de madeira, palla ou bimbios entretrecidos, que paseniñamente van trocando pol-a pedra os materiais dos seus muros, anque sin perder endejamais o seu tellado de colmo» (1968: 55-56).

Ó longo do seu estudo, o autor utiliza como referencia básica, precisamente, as *citánias* portuguesas, así coma o rexistro de Santa Trega e S. Cibrán de Lás, é dicir, os xacementos que aportaran deica o momento os restos arquitectónicos máis monumentais, variados e complexos. Esta circunstancia fai que caracterice a arquitectura castrexa a partires duns grandes poboados que agromaron nun contexto cronolóxico cultural marcado polo contacto e seguidamente polo dominio romano.

Finalmente o autor apunta brevemente o tema da procedencia da pranta rectangular no NW (decantándose por unha orixe endóxena da mesma) e destaca a presenza maioritaria da pranta circular. En definitiva, neste traballo, Cuevillas esboza a grandes rasgos as temáticas e hipóteses (proceso de petrificación, predominio da forma circular, etc...) que constataría ó longo de toda a súa investigación posterior.

Non embargantes, a importancia concedida ó tema da arquitectura castrexa na investigación do arqueólogo ourensán, e consecuentemente do SEG, só comezará a clarexarse na que vén sendo considerada (VÁZQUEZ VARELA e GARCÍA MARTÍNEZ, 1992) coma a primeira obra científica da Arqueoloxía galega: *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza* (CUEVILLAS e BOUZA BREY, 1929). Na segunda parte desta obra («Os Saefes»: 85-121) os autores expoñen unha hipótese segundo a cal o complexo cultural castrexo se concibe coma o resultado da fusión de, por unha banda, unha tradición indíxena (representada polos *Oestrimnios* das fontes clásicas) e, por outra banda, da aportación cultural centroeuropea produto dunha hipotética invasión céltica do NW a finais do s. VI a. C. personificada nos *Saefes*.

Neste contexto, partindo duns presupostos teórico-metodolóxicos (historicismo cultural) e ideolóxicos (nacionalismo orgánico-historicista de influencia alemana) moi concretos, conciben a cultura protohistórica galega coma un ente individualizado (oposto ó mundo ibérico e aniquilado polo *romanismo asoballador e triunfante*) marcado por un particularismo localista que se manifesta, segundo eles, nas características sobranceiras que presentan os diferentes eidos da súa cultura material:

«Caracterízase principalmente a civilización castrexa pol-a multiplicidade de cibdades muradas con restos de habitazóns permanentes («citanias») e de acrópoles de restos de aquela clás («castros»); pola eisistencia n-aqueles de casopas de formas arredondeadas; pol-o marcado carácter hallstático de certas armas e úteis, espadas, fíbulas, etc.» (1929: 94-95).

Dentro desta caracterización xeral, a orixinalidade da arquitectura castrexa, personificada na preponderancia da pranta circular, vai sé-la primeira e principal peculiaridade esgrimida para xustifica-la senlleira persoalidade da cultura dos castros:

«Sinalaremos soio o feito de seren as casarellas castrexas de planta circular ou oval tan enteiramente peculiares da nosa cultura do Ferro que en ningún dos circos coetáneos da Península alcontramos ren que se lle imite. Nas estazóns dos arredores de Figueira e nas cidades castelás, aragonesas e levantinas as casas son sempre de paredes ordeadas en figuras mais ou menos regularmente coadradas ou rectangulares [...] E aínda pra precurar imitantes, xa que non paralelos exactos ás nosas casarellas temos que pelengriñar ben lonxe e lembrar as chouzas arredondeadas dos xermanos, as furnas-cabanas da Roma pre-etrusca e do Hallstatt de Silesia e as habitacións das cidades de Steinsburg en Saxonia e de Glastombury no Somerset» (1929: 104).

Os autores manteñen a hipótese de que estas habitacións de pranta circular derivarían de anteriores cabanas redondas erguidas con materiais perecedoiros, sinalando, á súa vez, a continuidade e maila convivencia desta caste de construcións coas casas de pedra nos poboados, feito que intepretan coma unha supervivencia localista máis no persoalísimo e arcaizante mundo castrexo do NW.

Todos estes postulados desenvólvense amplamente na síntese publicada por Cuevillas e X. Lourenzo en 1948 baixo o título *Las habitaciones de los castros*. Nese extenso e completo artigo, os autores, partindo do rexistro arqueolóxico resultado das escavacións encetadas durante toda a primeira metade de século, non só contrastan a hipótese que se viña propondo dende os anos 20 (sobre a orixe da arquitectura en pedra⁵, da forma circular das vivendas, etc...) senón que levan a cabo a primeira sistematización exhaustiva do tema, facendo unha descrición formal e unha proposta tipolóxica de tódolos elementos constructivos e decorativos rexistrados ata o momento (aparells, prantas, fogares, sistemas de acceso, decoracións arquitectónicas, etc...). Este artigo inclúese, a xeito de capítulo sobre a arquitectura dos poboados, nas dúas grandes obras de síntese sobre a Protohistoria galega escritas por Cuevillas a comezos dos anos cincuenta, sendo considerado coma un traballo case definitivo durante os decenios posteriores (LÓPEZ CUEVILLAS, 1980; 1988).

⁵ O tema das antigas vivendas castrexas e o seu proceso de petrificación é tratado por Cuevillas noutro artigo da mesma época (López Cuevillas, 1947).

1.3. Breve caracterización historiográfica da investigación tradicional

Os traballos reseñados constitúen o basamento da investigación que poderíamos denominar *tradicional* encol do tema da arquitectura castrexa. Neste senso, como xa sulñamos, inscríbense nun contexto historiográfico que se corresponde perfectamente co panorama da Arqueoloxía preteórica española caracterizada por un predominio do enfoque histórico-cultural. De acordo con estes parámetros, a investigación reproduce a grandes rasgos os aspectos máis sobranceiros desa corrente arqueolóxica tradicional:

- A definición de culturas arqueolóxicas coma o obxectivo primordial da investigación.
- Predominio da descrición formal/funcional e o establecemento de tipoloxías/ paralelos tipolóxicos como método fundamental para estudar a cultura material e defini-las culturas arqueolóxicas.
- O difusionismo como marco teórico para explicar os cambios culturais.

Este enfoque creo que se reflicte á perfección na seguinte cita entresacada da referida obra de Cuevillas e Bouza Brey (1929: 94) e que se pode considerar coma unha verdadeira declaración de principios desta corrente:

«O papel do investigador ten que cingirse, ante un coadro que de tal xeito se ofrece á súa curiosidade, a ensamiñar a procedenza dos elementos que persoalizan a cultura obxecto de estudo e a procurarlles paralelismos que permitan postular cal foi o lugar da súa procedenza e sobre todo a data da súa aparición no territorio, delimitando despois iste xeograficamente, con vista a probarmos pola localización n-il de formas culturais típicas, a existencia de un pobo individualizado».

Esta perspectiva mantería toda a súa vixencia na investigación posterior, na que se seguen empregando os restos arquitectónicos coma un elemento material máis para caracterizar unha cultura arqueolóxica determinada. Sen embargo, cómpre sinalar que a arquitectura quedaría nun segundo plano en relación con outros restos arqueolóxicos, limitándose practicamente a investigación á descrición formal dos restos (sempre descontextualizados), ás técnicas e materiais constructivos, así coma ó establecemento de series tipolóxicas. Podemos dicir que ata mediados da década de 1970, coa publicación da Tese de Licenciatura de A. M^ª Romero Masiá (1976)⁶ non atopamos ningunha outra aportación sobranceira encol do tema, aparecendo unicamente pequenas aproximacións sobre as carac-

⁶ Nesta obra a autora mantén os plantexamentos de Cuevillas incluíndo as novidades aportadas polas escavacións levadas a cabo dende os anos 50. Aínda que se trata fundamentalmente dun estado da cuestión, constitúe unha obra de consulta básica para un achegamento xeral ó rexistro arquitectónico castrexo.

terísticas morfolóxicas das vivendas, coma o tipo de cuberta (AZEVEDO, 1945; SANTOS JUNIOR, 1973) ou estudos etnoarqueolóxicos sobre a orixe e maila continuidade da casa circular no NW (JORGE DIAS, 1946, 1948; GARCÍA BELLIDO, 1967, 1971).

Asemade, o tratamento que se fai do tema da arquitectura nas principais sínteses sobre o mundo castrexo aparecidas entre os anos 50 e 70 (BLANCO FREIJEIRO, 1960; MALUQUER, 1975; ACUÑA CASTROVIEJO, 1977), apenas difire do xa exposto denantes por Cuevillas; así pois, estas reseñas recollen a correspondente proposta de periodización acompañada dun resumo das características dos materiais seguindo o esquema establecido polo investigador ourensán.

Con todo isto queremos remarca-lo feito de que toda a produción historiográfica englobada baixo o epígrafe de investigación tradicional non só sentou o basamento para futuros traballos, senón que condicionou calquera tentativa de aproximación á cuestión, establecendo unha serie de tópicos que, como moi ben ten sinalado recentemente M^º. D. Fernández Posse (1998: 75-9) se mantiveron ata hoxe.

A forma circular das construcións: o predominio dos trazos curvos foi definido por Cuevillas coma o verdadeiro fósil director, de aí a importancia que se concedeu ó tema da orixe da vivenda circular para a interpretación do mundo castrexo. Independentemente da hipótese defendida, tódalas aproximacións ó tema, de acordo co enfoque histórico-cultural e o paradigma positivista, convértense en verdaderas listas nas que se citan as diferentes áreas con casas circulares, identificándose paralelos procedentes de ámbitos espacio-temporais do máis variopinto. Esta perspectiva converte a cuestión nun debate enfarragoso no que non resulta doado albiscar algunha rendabilidade dende o punto de vista da investigación.

O proceso de petrificación dos castros: á hora de establecer periodizacións a arquitectura ocupa un lugar privilexiado xa que a petrificación das construcións vén sendo considerada como un proceso susceptible de fornecer datos sobre a evolución cronolóxica da cultura en cuestión (BLANCO FREIJEIRO, 1960: 193; MALUQUER, 1975: 277-279). Dende Cuevillas consolidouse unha lectura en clave evolucionista deste proceso de petrificación (caracterizado pola posible convivencia dámbolosdous tipos de cabanas) iniciado cara os séculos IV-III a. C. e culminado en época tardía (CUEVILLAS, 1968: 52, 1988: 105-108; CUEVILLAS e LORENZO, 1986). Este modelo de discontinuidade manténse na actualidade aínda que existen evidencias arquitectónicas de estruturas pétreas en xacementos da 1^ª Idade do Ferro (PEÑA SANTOS, 1992a).

O urbanismo castrexo: considérase que non existe un ordeamento ou lóxica espacial que presida a estruturación interna dos poboados; só os grandes e monumentais castros do cambio de era do N de Portugal e S de Galicia presentan unha certa disposición ortogonal, polo que para a maioría de investigadores este componente urbanístico vén dado polo contacto con Roma (CUEVILLAS e LORENZO, 1946: 46-49; BLANCO FREIJEIRO, 1960: 180; MALUQUER, 1975:

273; ACUÑA, 1977: 241). Esta postura, bastante xeralizada⁷, xurde da directa aplicación ó mundo castrexo do modelo de urbanismo clásico, identificando urbanismo con pranta hipodámica de orixe mediterránea.

Por outra banda, o feito de dispor dun rexistro máis completo no N de Portugal, fixo que se tomase a área bracarense —nun intre determinado que se corresponde cos inicios da romanización— como principal referente á hora de proceder a unha mínima sistematización da arquitectura castrexa. Esta extrapolación explica, por unha banda, a consideración da fase tardía coma o período de esplendor, e por outra banda, o escaso tratamento da dimensión diacrónica do rexistro por parte dos estudos que manexan restos arquitectónicos descontextualizados ou pertencentes unicamente a esta última etapa.

2. A INVESTIGACIÓN NOS ANOS 80 E 90: APROXIMACIÓNS NOVEDOSAS

O estudo da arquitectura castrexa centrouse dende o século XIX na obtención de información descriptiva e cronolóxica, descartando, xa sexa consciente ou inconscientemente, a viabilidade e rendabilidade de toda aquelas estratexias que tentasen obter información sobre a estrutura social das comunidades castrexas a partires do seu rexistro arqueolóxico. As primeiras tentativas de superación do nivel morfolóxico no que se ten centrado a obra de Cuevillas, comezaríanse a desenvolver na década de 1980 perante a confluencia de dúas circunstancias fundamentais. Por unha banda, a realización de escavacións en castros galegos, baixo a égida da recién creada Xunta de Galicia, ampliarían notablemente o rexistro, amosando a variabilidade territorial da cultura material castrexa. Por outra banda a incidencia da perspectiva funcionalista da *New Archaeology* anglosaxona promoveu o distanciamento do enfoque descriptivo histórico-cultural e a proposta de novas aproximacións nas que se tiñan en conta os aspectos sociais e subsistenciais.

Algúns sectores da investigación proporían unha reorientación dos estudos que favorecese unha relectura novedosa do rexistro. Neste senso os traballos máis significativos centráronse nunha dobre vertente; a proposta dunha secuencia

⁷ Esta concepción do urbanismo castrexo reflíctese perfectamente na seguinte cita de F. Acuña: *Cuando se empieza a racionalizar el uso del espacio, a organizar el mismo y a dotarlo de una serie de elementos que configuran claramente los distintos usos que una sociedad proporciona a las diferentes estructuras representadas, es cuando, propiamente, podemos hablar de la existencia de un urbanismo. En el caso de los castros galaicos, estos elementos surgen, esencialmente, con el contacto con Roma, que será cuando se produzcan las grandes transformaciones en el hábitat del Norceste* (Acuña 1996: 45). Non obstante, algúns autores, como Almagro-Gorbea (1994: 37) consideran estes grandes poboados non coma indicio de romanización senón coma o resultado dunha evolución endóxena e unha tardía progresión das formas urbanas dende as rexións mediterráneas cara o N e W da Península, remarcando asemade as afinidades cos *hillforts* das rexións atlánticas.

cronocultural do mundo castrexo baseada na análise do rexistro arquitectónico e, por outra, a análise do espacio doméstico coma fonte para o estudo da estrutura familiar e a sociedade castrexa.

2.1. O estudo da arquitectura dende una perspectiva diacrónica

Na investigación protohistórica galega sempre se tivo constancia da falla de homoxeneidade ó longo do tempo do mundo castrexo, facéndose fincapé na evolución liñal pero non constante deste complexo cultural. Non sería ata a pasada década cando se comezaron a desenvolver traballos que tentaban constatar dita evolución estrutural a partires, non só da cultura material, senón tamén da análise espacial do poboamento e do estudo rexistro arquitectónico dos castros.

Neste eido destaca o labor do malogrado C. A. Ferreira de Almeida, un dos especialistas que máis incidiu no tema do espacio doméstico. Este autor nun artigo, xa clásico, titulado *A casa castrexa* (1984), establece unha periodización que; a pesares de estar plantexada para a área meridional, mantén a grandes rasgos a súa vixencia. Partindo do rexistro de xacementos puntuais como S. Estevão da Facha, Faría, Monte Mozinho, Sanfins, Santa Luzía, identifica catro fases: a) *castrexo antigo* (s. III-1ª metade s. I. a. C.) no que predomina a típica vivenda circular; *castrexo medio* (s. I. a. C.) período que reflicte un gran desenvolvemento dos labores de cantería así como a aparición dun novo fenómeno como é a construción de vestíbulos adosados ás vivendas; c) *castrexo recente* (cambio de era-1ª metade s. I d. C.), época na que se constata a influencia sobre a arquitectura doméstica da política augústea, cun ordeamento interno dos poboados en conxuntos habitacionais (barrios ou «casas-pátio») constituídos por diversas construcións (cocíña-dormitorio, celeiro-hórreo, patio empedrado-aira) e d) *castrexo final* (época flavia) no que se configura definitivamente o modelo arquitectónico galaicorromano.

Esta proposta resulta bastante polémica xa que data o inicio desta cultura (*a primeira civilização de pedra*) cara a segunda metade do s. IV a. C., coa aparición da arquitectura en pedra. Malia diso resulta relevante xa que é a primeira tentativa de periodización que emprega como fundamento ou fío conductor a evolución arquitectónica.

En Galicia dende comezos do decenio de 1980 veñen desenvolvéndose traballos de síntese nos que se pretende esbozar unha plausible secuencia cultural do mundo castrexo de acordo cos datos que fornece o rexistro arquitectónico. A meirande parte destas novas periodizacións aboga por un proceso evolutivo endóxeno para explica-lo xurdimento e desenvolvemento da cultura castrexa (FARIÑA, ARIAS e ROMERO, 1983; PEÑA SANTOS, 1992b; VÁZQUEZ VARELA e BERMEJO BARRERA, 1991; BELLO DIÉGUEZ e PEÑA SANTOS, 1995: 160-190; PEÑA SANTOS e VÁZQUEZ VARELA, 1996); búscanse as orixes do proceso de castrización no Bronce Final (CALO e SIERRA, 1983) e préstase especial atención á estrutura, organización e evolución dos poboados. En liñas

xerais todos estes traballos defenden unha secuencia cronolóxica practicamente idéntica que diferencia tres grandes fases na evolución da Idade do Ferro do NW. Esta periodización vése corroborada pola única visión diacrónica da arquitectura castrexa aparecida ata o momento; referímonos á completa síntese de L. X. Carballo Arceo (1996) quen caracteriza os citados períodos —fase antiga (s. IX a. C.-s. VI a. C.), fase media (s. V a. C.-s. II a. C.), fase final (fins s. II a. C.-mediados s. I d. C.)— partindo do rexistro arquitectónico dos principais castros escavados no noso país.

Queda por facer un estudo exhaustivo dos restos arquitectónicos exhumados na totalidade dos castros escavados que permita non só caracterizar cada unha destas fases así como establecer cronoloxías relativas, senón tamén sacar á luz as diferencias territoriais existentes a nivel arquitectónico⁸.

2.2. A análise do espacio doméstico coma fonte para o estudo da estrutura familiar castrexa

Nos últimos quince anos procurouse acadar un maior coñecemento da sociedade castrexa partindo da análise e interpretación das unidades domésticas. De acordo con esta perspectiva, a arquitectura doméstica reflectiría o vivir cotián dos seus antigos habitantes; estarían, polo tanto, directamente vencelladas cos patróns de vida familiar e social destas comunidades.

Traballos deste estilo lévaronse a cabo en dúas sub-áreas xeográficas do NW:

Área meridional (Conventus bracarense). O ordeamento espacial interno dos grandes castros do N de Portugal a base de conxuntos arquitectónicos segmentados, sempre chamou a atención da investigación, que deseguida identificou neses conxuntos (barrios ou «casas-pátio») os espazos propios das familias que habitaban os poboados. Esta relación entre espacio doméstico e estrutura familiar constatouse tamén no S de Galicia, gracias fundamentalmente, ó traballo de interpretación encetado na última década por A. de la Peña sobre o rexistro arquitectónico da citania de Santa Trega (PEÑA SANTOS, 1988).

Esta liña de investigación en clave sociolóxica pode aportar datos sobre a estrutura familiar predominante nos grandes castros da fase final da cultura castrexa. Non embargantes, polo de agora, a práctica ausencia nas fontes clásicas de referencias sobre a estrutura de parentesco⁹ imperante nos pobos

⁸ Consideramos que a análise arqueolóxica da estruturación territorial interna do mundo castrexo constitúe un eido de estudio sustancial para o avance da investigación; aínda que ten aparecido algún traballo interesante sobre o tema (Rey 1995), os datos arquitectónicos apenas foron utilizados para acadar unha mínima caracterización zonal, centrándose a investigación noutros aspectos da cultura material, como a cerámica ou a orfebrería.

⁹ A principal referencia que se conserva sobre o tema é o coñecido párrafo de Estrabón (III, 4, 18) no que fala do sistema patrimonial dos pobos do N. A imaxe que nos ofrece esta fonte (Bermejo, 1978: 13-22; Vázquez e García Quintela, 1998: 53-64, 118-9) é a dunha organización caracterizada por un marcado equilibrio entre homes e mulleres que se reflicte nas estratexias matrimoniais. En cada unidade

do NW, e maila inexistencia de propostas que tenten aplicar modelos antropolóxicos e contrastalos co rexistro, impediron un avance no estado da cuestión.

Zona Arqueolóxica de Las Médulas (León): o proxecto de investigación desenvolto nos últimos anos na área de As Médulas (SW da provincia de León) polo grupo de traballo dirixido por F. J. Sánchez-Palencia e M^a D. Fernández Posse está a fornecer resultados interesantes sobre a organización espacial interna e a interpretación social do rexistro arquitectónico en castros prerromanos da zona. O proxecto presenta como obxectivo fundamental o estudo do proceso de implantación nesa área dunha paisaxe mineira por parte do Imperio Romano, os cambios na estrutura socioeconómica indíxena e o seu reflexo no artellamento de novas estratexias de poboamento, ocupación do espacio e explotación do territorio (SÁNCHEZ PALENCIA *et alii*, 1996). Unha parte importante da investigación centrouse na escavación de dous xacementos castrexos prerromanos (La Corona de Corporales e El Castrelín de San Juan de Paluezas) e no posterior estudo do seu rexistro arqueolóxico. O traballo interpretativo fundamentouse na aplicación do modelo antropolóxico de sociedade campesiña contrastándoo co rexistro arqueolóxico documentado (FERNÁNDEZ-POSSE e SÁNCHEZ-PALENCIA, 1998). Prestouse especial atención ós restos arquitectónicos, levando a cabo a análise constructiva dos restos (calidade e características dos materiais empregados, esforzo e inversión de recursos...), a análise funcional das diversas construcións rexistradas (diferenciación de obradoiros, almacéns, casas, corrais, patios...) e a análise das relacións espaciais existentes dentro do poboado (vías de tránsito, accesibilidade, adosamentos, demarcacións espaciais, etc... Esta investigación fixo posible o poder pensa-lo espacio interno dámbolosodus castros, a estrutura dos seus recintos, o ordeamento espacial dos núcleos domésticos e sacar conclusións sobre a organización socioeconómica da que son reflexo material.

Estes traballos constitúen polo de agora a aportación actual máis sobranceira á temática da arquitectura doméstica castrexa e reflexan a rendabilidade e os resultados que conleva a aplicación de analíticas e metodoloxías deseñadas no eido da *Arqueoloxía da Arquitectura*.

CARA A UNHA ARQUEOLOXÍA SOCIAL DA VIVENDA CASTREXA

Ímponse na actualidade a necesidade de aplicar novos enfoques que permitan maximiza-la información xerada polo rexistro arquitectónico castrexo e supera-las eivas dunha tradición investigadora que remarcou a imposibilidade de profundizar no estudo do espacio doméstico protohistórico. O paradigma positivista tradicional

familiar as mulleres ocúpense do coidado dos bes inmoables (terras agrícolas) que herdán das súas nais, mentres que os homes son propietarios dos bens moables (gando e xoías) que herdán dos tíos maternos. Os homes dotan as súas irmás, e estas son as encargadas de proporcionar noiva a aqueles.

impediu rendabilizar un amplo rexistro constructivo, xerando incluso un certo conservadurismo teórico-metodolóxico que non incentiva en absoluto a aplicación de novas estratexias de investigación. Deste xeito o estudo da arquitectura doméstica ten sido abordado fundamentalmente dende cinco posicionamentos teóricos:

- *Interpretación formalista e esteticista*: propio da Historia da Arte, concibe a casa coma un obxecto que se estuda dende un punto de vista meramente descriptivo, facendo fincapé nos seus rasgos morfolóxicos máis destacados.
- *Aproximación tipolóxica*: precúrase a sistematización das variacións formais rexistradas na arquitectura obxecto de estudo: tipos de plantas, de técnicas constructivas, etc...
- *Interpretación evolucionista*: os cambios constructivos respostan a un proceso histórico marcado por unha tendencia á paulatina complexización dun tipo arquitectónico orixinal.
- *Difusionismo*: os cambios constructivos non se corresponden cunha evolución endóxena senón que respostan á chegada de novas concepcións arquitectónicas. Asemade esta transformación pode ser consecuencia dos contactos sociais entre diferentes comunidades ou á irrupción de continxentes poboacionais foráneos.
- *Determinismo xeográfico*: tódolos aspectos vencellados coa arquitectura están determinados basicamente por factores medioambientais: disposición de materias primas, condicións meteorolóxicas, características do terreo, etc...

Este é o marco que ten empregado a investigación protohistórica para definir o patrón de espacialidade configurado pola arquitectura doméstica castrexa. Non embargantes, na nosa opinión, os presupostos teóricos manexados pola investigación participan dunha perspectiva propia dun funcionalismo arquitectónico, mecanicista e simplificador que ve a forma da vivenda coma unha resposta única a causas físicas. Con isto non estamos invalidando o modelo plantexado, senón que remarcamos unha carencia implícita no mesmo: o nulo papel concedido ás convencións sociais que dan forma ó espazo construído, un espazo que obedece tamén a esixencias culturais (RAPOPORT, 1972).

Neste senso, para superar estes condicionantes cómpre reorienta-lo estudo sobre a arquitectura protohistórica desenvolvendo vías abertas na investigación dende hai tempo e que están a ser optimizadas noutros contextos coma é o caso dos *hillforts* británicos (HINGLEY, 1990). A este respecto reseñamos a continuación os plantexamentos e principios básicos sobre os que se pode chantar unha vía de estudo alternativa que, se ben é certo, non ter porque resultar ser a máis axeitada ou concluínte, alomenos permite plantexarlle á arquitectura castrexa novas e necesarias preguntas.

1. A ARQUEOLOXÍA DA PAISAXE COMO MARCO TEÓRICO

Co obxectivo de matizar e completa-la visión desta arquitectura protohistórica propoñémonos iniciar unha nova liña de traballo dende a base teórica aportada pola Arqueoloxía da Paisaxe, a partires dunha nova concepción da arquitectura como ferramenta de construción da realidade sociocultural (BLANCO *et alii*, 2000), no seo dun plan de investigación que na última década se centrou no estudo das paisaxes prehistóricas do NW¹⁰.

Tómase como punto de partida un novo marco conceptual que supera a consideración formalista do espacio como algo que xa vén dado, como unha realidade estática de orde física e ambiental. O espacio é unha construción social, imaxinaria, en movemento continuo e enraizada na cultura, existindo unha estreita relación estrutural nas estratexias de apropiación do espacio entre pensamento, organización social, subsistencia e concepción-utilización do medio ambiente. A paisaxe, concebida coma a obxectivización de prácticas sociais de carácter material e imaxinario, atópase constituída por tres dimensións ou niveis distintos: a paisaxe como entorno físico, entorno social e entorno simbólico (CRIADO, 1993a; 1993b; 1993c).

Do mesmo xeito, o espacio arquitectónico é esencialmente un espacio social que se constrúe culturalmente, unha paisaxe cultural que participa de cheo na construción do aparato simbólico, o imaxinario colectivo e mailas prácticas rituais da comunidade que o constrúe e habita. Así por exemplo, a forma arquitectónica aparece interrelacionada con variables sociolóxicas coma a familia, o estilo de vida, a solidariedade intergrupal ou o sistema de poder. O obxecto de estudo pode ser definido coma un produto humano que emprega unha realidade dada (o espacio físico) para crear unha realidade nova: o espacio habitacional e, por conseguinte, social, ó que se confire un significado simbólico. Dito produto compónse de diferentes entidades formais, que se proxectan espacialmente, son visibles, polo que poden ser apreixadas e descritas pola observación arqueolóxica. A análise das relacións espaciais significativas entre as entidades do rexistro, isto é, a estrutura espacial, permite achegarnos non só a lóxica espacial dunha determinada comunidade, neste caso as relacións interespaciais que construiu a sociedade castrexa, senón tamén á propia lóxica social do espacio (HILLIER e HANSON, 1984; SANZ, 1993). Aquela estrutura espacial é produto dunha

¹⁰ A investigación sobre o mundo castrexo desenvólta dende esta perspectiva centrou a súa atención fundamentalmente no estudo da concepción territorial propia da sociedade castrexa co obxectivo de pór de manifesto a nova forma de conceptualización do espacio, a nova forma de construción da paisaxe xerada por esta formación cultural (Penedo e Rodríguez, 1992; Candal, 1993; Parcero, 1995a, 1995b, 1998, 2000) e mailo seu reflexo na cultura material (Cobas e Prieto, 1998; Cobas *et alii*, 1998).

sociedade concreta que por medio dunhas determinadas tecnoloxías espaciais e arquitectónicas reproduce o patrón de racionalidade imperante¹¹.

Como ten amosado a investigación antropolóxica, a casa preséntase coma o artefacto material máis importante para reconstruí-lo patrón de racionalidade dunha sociedade (LÉVI-STRAUSS, 1991; CARSTEN e HUGH-JONES, 1995). Polo tanto cómpre plantexa-la hipótese de que a vivenda castrexa, coma os demais elementos da cultura material, é un produto cultural destinado a comunicar unha información que é manexada, consciente e inconscientemente, polo colectivo residente no poboado; trátase dun espacio físico no que se desenvolve, reproducíndoa á súa vez, a acción social prehistórica (SHANKS e TILLEY, 1987). A forma da vivenda, do espacio doméstico, aporta un medio perdurable para impor esquemas de organización social; é tanto un reflexo coma un xerador activo de conducta social, de aí que non só deba ser interpretada unicamente en termos funcionais, senón tamén en termos sociais (LOCOCK, 1994). A casa existe en numerosos niveis de percepción e pode ter diferentes significados, que varían segundo o xénero, a idade, o status, a actividade diaria, etc... (BAILEY, 1990). Neste senso, a vivenda castrexa non só se reduce a un mero obxecto arquitectónico, condicionado por un contexto material; pola contra, cómpre analizala coma unha entidade viva que desempeña un rol activo na constitución social da realidade arqueolóxica. Dende esta perspectiva pode ser abordado o trasfondo social e simbólico que se agocha tralo modelo de espacialidade reflexado no interior dos recintos, aínda que, polo momento, esteamos lonxe de definir un modelo espacial concreto para o espacio doméstico da Idade do Ferro do NW.

2. A ARQUEOLOXÍA DA ARQUITECTURA COMO MARCO METODOLÓXICO

A problemática fundamental que presenta o estudo arqueolóxico pantexado radica no procedemento a utilizar para emprende-la contrastación empírica da proposta teórica anteriormente enunciada. A este respecto abogamos, seguindo a proposta metodolóxica de Criado (1999: 12-28) pola utilización como procedemento analítico na primeira fase da investigación, dunha descrición densa, baseada sobre todo na análise formal¹² como procedemento de traballo. Esta análise formal, centrada para o noso caso nun nivel espacial concreto da

¹¹ Diversas disciplinas coma a Antropoloxía, a Socioloxía e maila Arquitectura, amosan que a organización espacial é un produto máis da estrutura social: *cada forma diferente de reprodución social busca un tipo diferente de ordeamento espacial* (Hillier e Hanson, 1984: xi).

¹² Enténdese por análise formal «el análisis de las formas materiales concretas que constituyen el paisaje, tanto las naturales (fisiográficas) como las artificiales (elementos de Cultura Material, monumentos...) sin introducir un sentido extraño a ellos. Es por lo tanto un tipo de práctica deconstructiva que, cuando tiene éxito, describe el objeto de estudio desde dentro de sí mismo» (Criado, 1999: 20).

paisaxe castrexa como é a arquitectura das unidades domésticas (o espacio construído) centraríase non só na análise tipolóxica e constructiva senón fundamentalmente na configuración espacial concreta do rexistro arquitectónico, do seu patrón de emprazamento no espacio circundante, articulación interna, función social, condicións de visibilidade e condicións de visibilización, patrón de movemento e accesibilidade. A análise formal de todas e cada unha destas dimensións permitiríanos establecer-lo patrón formal e seguidamente un modelo hipotético da organización espacial propia da arquitectura doméstica castrexa.

Neste senso, cremos que a Arqueoloxía da Arquitectura, como disciplina centrada no estudo das construcións históricas cunha metodoloxía arqueolóxica, aporta a esta análise formal uns modelos analíticos e unhas ferramentas metodolóxicas que contribúen significativamente ó estudo das diferentes dimensións do espacio construído (BAKER, 1994; 1998; CHING, 1995). Deste xeito, algúns destes procedementos analíticos, coma a análise de visibilidade ou a análise de accesos, comezaron a aplicarse con bos resultados ó rexistro arqueolóxico doutros ámbitos, como xacementos escoceses da Idade do Ferro (FOSTER, 1989) e asentamentos ibéricos (SÁNCHEZ, 1998), mentres que outros, coma o método estratigráfico de lectura de paramentos se desenvolveu no eido da Arqueoloxía Medieval fundamentalmente (BLANCO, 1998).

Xa vimos nun apartado anterior, por medio dun recente traballo (FERNÁNDEZ-POSSE e SÁNCHEZ-PALENCIA, 1998) a rendabilidade que, dende o punto de vista da investigación, supón a aplicación deses modelos de análise para o coñecemento do espacio doméstico castrexo. Por outra banda, consideramos que para pór de manifesto modelos espaciais resulta de grande utilidade a aplicación ós datos arqueolóxicos de aportacións metodolóxicas procedentes doutras disciplinas interesadas tamén no estudo da realidade espacial. Para o ámbito galego, se ben a analítica espacial ten sido aplicada nos estudos sobre poboamento castrexo a escala comarcal, apenas contamos con análises microespaciais para xacementos castrexos (PENEDO e RODRÍGUEZ, 1995), de aí que a investigación sobre o espacio doméstico, o estudo do hábitat e maila vida cotiá estea aínda por desenvolverse, mentres que noutras áreas este tipo de investigacións están dando excelentes resultados (véxase por exemplo o traballo sobre o xacemento de Las Cogotas de ÁLVAREZ-SANCHÍS *et alii*, 1998).

RECAPITULACIÓN

Apuntamos nas páxinas precedentes o estado da cuestión así coma unha aproximación historiográfica ó estudo da arquitectura e do espacio doméstico castrexo. Esta revisión, que dista moito de ser exhaustiva e sistemática, suxeríunos algunhas reflexións sobre ese ámbito de estudo. En primeiro lugar cremos que se se quere supera-lo estado actual de coñecementos sobre o tema, resulta irrenunciábel a incorporación a este ámbito de traballo de modelos metodolóxicos

procedentes doutras disciplinas que tratan o espacio construído e desenvolveron unha lectura social da trama edificada.

Neste senso, partindo da evidencia empírica de que a estrutura espacial informa potencialmente do nivel e sistema de organización social, xa que é o resultado da conducta e comportamento dos individuos que a xeneran, consideramos que os modelos antropolóxicos, sociais e arquitectónicos son os máis axeitados para levar a cabo un estudo da arquitectura doméstica castrexa. Cómpre lembrar que nesta liña se veñen desenvolvendo a investigación sobre o estudo da vivenda e do espacio doméstico na Prehistoria nas últimas décadas (VELA COSSÍO, 1995), evidenciándose claramente a necesidade de abandonala perspectiva tradicional que concibe o espacio construído coma un mero artefacto ou obxecto, e partir da base de que é un *espacio no que se vive*, un produto social.

Este achegamento interdisciplinar enriquece unha análise arqueolóxica que deste xeito podería pensar dende unha nova óptica a arquitectura e o espacio doméstico, para así tentar establece-lo modelo espacial, o sistema de representación espacial que reproduce este nivel do rexistro arqueolóxico. Dende esta base cremos que será posible poñer de manifesto a interacción, sen dúbida existente, entre os sistemas de produción-relacións sociais e a arquitectura, e verlos principais cambios sufridos por esta formación social castrexa ó longo da súa historia (paso da Iª á IIª Idade do Ferro, por exemplo) a través do rexistro arquitectónico.

Así pois, parece clara a potencialidade dunha liña de traballo neste senso, a pesares das enormes limitacións e condicionantes impostos polo polémico e sempre *anómalo* —aparentemente— mundo castrexo.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1977): «Panorama de la Cultura Castrexa en el NO. de la Península Ibérica», *Bracara Augusta*, 31, pp. 235-253.
- (1996): «Urbanismo castrejo en el Noroeste peninsular». En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.): *Los Finisterres Atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana*. Madrid, pp. 45-47.
- ALMAGRO-GORBEA, M. (1994): «Urbanismo de la Hispania céltica. Castros y oppida del Centro y Occidente de la Península Ibérica. Castros y Oppida en Extremadura». En ALMAGRO GORBEA, M. e MARTÍN, A. M^a (eds.): *Castros y Oppida en Extremadura. Complutum*, Extra, 4, pp. 13-75.
- ÁLVAREZ-SANCHÍS, J. R.; RUÍZ ZAPATERO, G.; LORRIO ALVARADO, A., BENITO LÓPEZ, J. E. e ALONSO HERNÁNDEZ, P. (1998): «Las Cogotas: anatomía de un oppidum vettón». En MARINÉ, M. y TERÉS, E. (Coords.): *Homenaje a Sonsoles Paradinas*. Ávila, pp. 73-94.
- ALVES PEREIRA, F. M. (1910): *Abitações castrejas do N. de Portugal. Uma hipótese da sua reconstrução*. Viana do Castelo.
- (1939-1941): «Páginas inéditas de F. Alves Pereira». *Revista de Guimarães*. Vol. XLVIII. nº 4: 277-282; vol. XLIX. nº 1-2: 35-41; nº 3-4: 103-111; vol. LI. nº 1-2: 27-40; nº 4: 312-330.
- AYÁN VILA, J.M. (2000): *Una aproximación al problema del espacio doméstico de la Edad del Hierro del NW a través de un proyecto de revalorización cultural. La reconstrucción de un recinto habitacional castreño en el yacimiento de Elviña (A Coruña)*. Trabajo de Investigación de Terceiro Ciclo. Faculdade de Xeografía e Historia. USC. Inédito.
- AZEVEDO, A. de (1945): «Cómo eram cobertas as casas redondas da Citânia», *Revista de Guimarães*, 55 (3-4), pp. 172-182.
- BAILEY, D. W. (1990): «The Living House: Signifying Continuity». En SAMSON, R. (ed.): *The Archaeology of houses*. Edinburgh, pp. 19-48.
- BAKER, G. H. (1994): *Le Corbusier: Análisis de la forma*. México.
- BAKER, G. H. (1998): *Análisis de la forma: urbanismo y arquitectura*. México.
- BELLO DIÉGUEZ, J. M. e PEÑA SANTOS, A. de la (1995): Galicia na Prehistoria. Historia de Galicia. Tomo I. A Coruña.
- BERMEJO BARRERA, J. C. (1978): *La sociedad en la Galicia castreña*. Santiago.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1960): «La Cultura Castreña». En *I Symposium de Prehistoria de la Península Ibérica* (Pamplona, 1959), pp. 179-194.
- BLANCO ROTEÁ, R. (1997): *Introducción al estudio arqueológico del Patrimonio construído: el análisis estratigráfico de paramentos*. Tese de Licenciatura inédita. Faculdade de Xeografía e Historia. USC.
- (1998): «La Arqueología en el muro: lectura estratigráfica de paramentos en San Fiz de Solovio», *Gallaecia*, 17, pp. 481-499.
- BLANCO ROTEÁ, R.; MAÑANA BORRAZÁS, P. e AYÁN VILA, J.M. (2000): «Archaeology of Architecture: theory, methodology and analysis from Landscape Archaeology». Comunicación presentada no EAA 6th Annual Meeting (10-17 September 2000, Lisboa).
- CALO LOURIDO, F. (1993): *A Cultura Castrexa*. Porto.

- CALO LOURIDO, F. e SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. (1983): «As orixenes do castrexo no Bronce Final». En PEREIRA MENAUT, G. (ed.) (1983): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago, pp. 19-85.
- CANDAL CANCELO, M^a. J. (1993): *Relaciones entre yacimientos castreños y elementos del sistema tradicional gallego de ocupación del espacio*. Tese de Licenciatura inédita. Facultade de Xeografía e Historia. USC.
- CARBALLO ARCEO, X. (1996): «Os castros galegos: espacio e arquitectura», *Gallaecia*, 14/15, pp. 309-357.
- CARDOZO, M. (1996): *Citânia de Briteiros e castro de Sabroso. Notícia descritiva*. Guimarães: Sociedade Martins Sarmento (13^a ed.).
- CARSTEN, J. e HUGH-JONES, S. (1995): *About the house. Lévi-Strauss and beyond*. Cambridge.
- CHING, F. (1995): *Arquitectura: forma, espacio y orden*. México.
- COBAS FERNÁNDEZ, I. e PRIETO MARTÍNEZ, P. (1998): «Regularidades espaciales en la cultura material: la cerámica de la Edad del Bronce y de la Edad del Hierro en Galicia», *Gallaecia*, 17, pp. 151-175.
- COBAS FERNÁNDEZ, I.; CRIADO BOADO, F. e PRIETO MARTÍNEZ, P. (1998): «Espacios del estilo: Formas de la cultura material cerámica prehistórica y protohistórica en Galicia», *Arqueología Espacial*, 19-20, pp. 597-607.
- CRIADO BOADO, F. (1993a): «Límites y posibilidades de la arqueología del paisaje», *Spal*, 2, pp. 9-55.
- (1993b): «Espacio monumental y paisajes prehistóricos en Galicia». En Asociación Galega de Historiadores (ed.): *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*. Santiago, pp. 23-54.
- (1993c): «Visibilidad e interpretación del registro arqueológico», *Trabajos de Prehistoria*, 50, pp. 39-56.
- (1999): *Del Terreno al Espacio: Planteamientos y Perspectivas para la Arqueología del Paisaje*. CAPA (Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje) 6. Santiago.
- FARIÑA BUSTO, F. L.; ARIAS VILAS, F. e ROMERO MASIÁ, A. M^a. (1983): «Panorámica general sobre la cultura castrexa». En PEREIRA MENAUT, G. (ed.) (1983): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago, pp. 87-127.
- FERNÁNDEZ POSSE, M^a D. (1998): *La investigación protohistórica en la Meseta y Galicia*. Madrid.
- FERNÁNDEZ POSSE, M^a D. e SÁNCHEZ-PALENCIA, F. J. (1998): «Las comunidades campesinas en la cultura castreña», *Trabajos de Prehistoria*, 55, (2), pp. 127-150.
- FERREIRA DE ALMEIDA, C. A. (1984): «A Casa Castreja», *Memorias de Historia Antigua*, 6, pp. 35-42.
- FOSTER, S. (1989): «Analysis of spatial patterns in buildings (access analysis) as an insight into social structure: examples from the Scottish Atlantic Iron Age», *Antiquity*, 63, pp. 40-50.
- GARCÍA BELLIDO, A. (1967): «Sobre la extensión actual de la casa redonda en la Península Ibérica», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 23 (1-2), pp. 41-57.
- (1971): «Orígenes de la casa redonda de la Cultura Castreña del N-W de la Península», *Revista de Guimaraês*, 81 (1-2), pp.
- HILLIER, B. e HANSON, J. (1984): *The social logic of space*. Cambridge.

- HINGLEY, R. (1990): «Domestic Organization and Gender Relations in Iron Age and Roman-British Households». En SAMSON, R. (ed.): *The Archaeology of houses*. Cambridge, pp. 125-147.
- JORGE DIAS, A. (1946): «Las construcciones circulares del N-W de la Península Ibérica», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 2 (6), pp. 173-195.
- (1948). «Las chozas de Cabeçudos y las construcciones circulares de las citanias españolas y portuguesas del N-W hispánico», *Archivo Español de Arqueología*, pp. 164-172.
- LÉVI-STRAUSS, C. (1991): «Maison». En BONTE, P. e IZARD, M. (eds.): *Dictionnaire de l'ethnologie et de l'anthropologie*. Paris.
- LOCOCK, M. (1994): «Meaningful Architecture». En Locock, M. (ed.): *Meaningful Architecture: social interpretations of buildings*. Aldershot, pp. 1-13.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1925-1926): «A Edade do Ferro na Galiza», *Nós*, I-II. 19-23, 27-28, 30, 32-33, 35.
- (1947): «Las cabañas de los castros», *Anuarios y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnología y Prehistoria*, 22 (1-4), pp. 141-146.
- (1968): *A Edade do Ferro na Galiza*. Publicación da Real Academia Galega. A Coruña. [Reedición do *trabalho lido no SEG de Santiago de Compostela o día 18 de abril de 1924*].
- (1980): «Prehistoria». En OTERO PEDRAYO, R. (dir.): *Historia de Galiza*. Volume III. Madrid. [1962. Nós. Bos Aires].
- (1988): *La Civilización céltica en Galicia*. (reed.). Colegio Universitario de Ediciones Itsmo. Madrid. [1953. Porto & Cia. Santiago de Compostela].
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F. (1929): *Os Oestrimmios, Os Saefes e a Ofiolatría na Galiza*. Santiago.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1946): «Las habitaciones de los castros», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 2 (5), pp. 7-74.
- (1986): *Castro de Cameixa. Campañas 1944-46*. Arqueoloxía/Memorias. Santiago de Compostela.
- MALUQUER DE MOTES, J. (1975): «Formación y desarrollo de la Cultura Castreña», En *Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas, I. Prehistoria e Historia Antigua* (Santiago, 1973), pp. 269-284.
- MAÑANA BORRAZÁS, P. (1999): *Bases metodológicas para el estudio de la arquitectura tumular: una propuesta preliminar de análisis formal y su aplicación a un caso gallego*. Trabajo de Investigación de Terceiro Ciclo. Facultade de Xeografía e Historia. USC. Inédito.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1995a): «Aproximación al espacio social en el mundo castreño». En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo, 1993)*, pp. 185-188.
- (1995b): «Elementos para el estudio de los paisajes castreños del Noroeste peninsular», *Trabajos de Prehistoria*, 52 (1), pp. 127-144.
- (1998): *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 7: Hacia una Arqueología Agraria de la Cultura Castreña*. TAPA (*Trabajos en Arqueología del Paisaje*), 9. Santiago.
- (2000): «Tres para dos. Las formas del poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico», *Trabajos de Prehistoria*, 57 (1), pp. 75-95.
- PENEDO ROMERO, M. e RODRÍGUEZ PUENTES, E. (1992): «La Edad del Hierro: formas concretas del pasado fortificado». En CRIADO BOADO, F. (dir.): *Arqueología del*

- Paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales. Arqueología/ Investigación*, 6. Santiago, pp. 199-220.
- (1995): «Análisis microespacial de una vivienda castreña: la estructura II de Os Castros (Toques-A Cruña)». En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo, 1993)*, pp.189-193.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1988): «Algunos aspectos urbanísticos del poblado galaico-romano de Santa Tegra (A Guarda-Pontevedra)», *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, 4, pp. 27-36.
- (1992a): *Castro de Torroso (Mos, Pontevedra). Síntesis de las memorias de las campañas de excavaciones 1984-1990. Arqueología/Memorias*, 11. Santiago.
- (1992b): «El primer milenio a. C. en el área gallega. Génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la Arqueología». En *Actas del Congreso de Paleontología de la Península Ibérica (Madrid, 1989). Complutum*, 2-3, pp. 373-394.
- PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1996): «Aspectos de la génesis y evolución de la Cultura Castreña de Galicia». En QUEROL M^a Á. E CHAPA, T. (Ed.): *Homenaje al profesor Fernández-Miranda. Complutum*, Extra, 6 (1), pp. 255-262.
- RAPOPORT, A. (1972): *Vivienda y cultura*. Barcelona.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1995): «Cuestiones de tipo territorial en la cultura castreña». En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo, 1993)*, pp.165-171.
- ROMERO MASIÁ, A. M^a. (1976): *El hábitat castreño. Asentamientos y Arquitectura de los castros del N.O. Peninsular*. Santiago.
- SÁNCHEZ, J. (1998): «La Arqueología de la Arquitectura. Aplicación de nuevos modelos de análisis a estructuras de la Alta Andalucía en época ibérica», *Trabajos de Prehistoria*, 55, (2), pp. 89-109.
- SÁNCHEZ-PALENCIA, F. J.; FERNÁNDEZ-POSSE, M. D.; FERNÁNDEZ MANZANO, J. e OREJAS, A (1996): *La Zona Arqueológica de Las Médulas. León. Guía Arqueológica*. Salamanca.
- SANTOS JUNIOR, R. dos (1973): «Algúns problemas castrejos: cobertura das casas», *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 22 (3), pp. 231-237.
- SANZ GALLEGO, N. (1993): «Para una lógica social del espacio en Prehistoria», *Complutum*, 4, pp. 239-252.
- SARMENTO, F. M. (1992): *Citânia. Álbum de Fotografías*. Guimarães (2ª ed., ed. or. 1876).
- SARMENTO, F. M. (1999): *Antíqua. Apontamentos de Arqueologia*. Guimarães.
- SHANKS, M. e TILLEY, C. (1987) *Social Theory and Archaeology*. Cambridge.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. e BERMEJO BARRERA, J. C. (1991): «La cultura castreña». En R. VILLARES (dir.): *Historia de Galicia*. Vigo, pp. 81-100.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. e GARCÍA MARTÍNEZ, M. C. (1992): «Presentación». En LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F.: *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galicia*. Santiago, pp. v-ix [ed. or. 1929. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, II. A Cruña].
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. e GARCÍA QUINTELA, M. V. (1998): *A vida cotiá na Galicia castrexa*. Santiago.
- VELA COSSÍO, F. (1995): «Para una prehistoria de la vivienda. Aproximación historiográfica y metodológica al estudio del espacio doméstico prehistórico», *Complutum*, 6, pp. 257-276.